

Xulio Ríos

MARX & CHINA

La sinización del marxismo

EL FONDO



China: planificación ou mercado?

Description

Adoita dicirse que a sorprendente transformación do país nas últimas décadas se debe, sobre todo, á súa homologación coas economías de libre mercado e ao aparente abandono das bases económicas do modelo maoísta. Certamente, trala morte de Mao, con Deng Xiaoping, China entrou noutra etapa. A reforma e a apertura inauguraron un tempo de experimentación que incluíu, por exemplo, novos enfoques en cuestións cruciais como o papel do mercado ou a propiedade privada, no contexto daquel programa das catro modernizacións dos anos sesenta, impulsado polo propio Deng e por Liu Shaoqi, a grande vítima da Revolución Cultural.

Tamén se afirmou a miúdo que esa experimentación conduciría inevitablemente a China cara a unha homologación máis ampla cos sistemas liberais de Occidente, non só no económico senón tamén no político, renunciando á súa marca de orixe. Porén, moitas veces pasouse por alto o que Deng denominaba os *catro principios irrenunciabes*, que establecían os lindes da reforma para garantir que esta se desenvolvese dentro do sistema sen pretender abandonalo.

Este contexto convén telo sempre presente ao analizar a China actual. Non falta quen considere trasnoitado o concepto de plan quinquenal, que no noso imaxinario se asocia co rápido e fracasado modelo soviético. Mais a planificación non é só un piar, senón o piar por excelencia da economía política chinesa.

Desde 1949, a planificación constituíu a ferramenta fundamental coa que o Estado guiou o desenvolvemento. Coas reformas de 1978 en diante, a planificación non desapareceu coa apertura, senón que se transformou: deixou de ser un sistema de control directo para converterse nun mecanismo de orientación estratéxica. Os plans quinquenais son o instrumento central desta planificación, con incidencia decisiva en áreas como a coordinación macroeconómica, a dirección estrutural e a integración territorial e social.

Na lóxica chinesa, a planificación cumpre tamén unha función ideolóxica: garante que o desenvolvemento económico permaneza subordinado aos obxectivos políticos e sociais da modernización socialista, benestar colectivo, seguridade nacional e prosperidade comunitaria. Políticamente, a planificación é así mesmo unha expresión da dirección do Partido Comunista sobre a economía.

A planificación en China non só permite outear horizontes a longo prazo, senón que tamén asegura a coherencia entre o crecemento e o proxecto político. Constitúe unha forma de gobernanza económica máis que un simple método técnico e representa unha vantaxe institucional fronte aos modelos de curto prazo.

O complemento natural da planificación é a gobernanza do mercado, exercida mediante unha combinación de dirección política, planificación estratéxica e mecanismos regulatorios adaptativos que, conxuntamente, conforman o que China denomina unha *economía de mercado socialista*. O mercado é aquí un instrumento, non un fin en si mesmo: unha ferramenta para desenvolver a economía, non un principio ideolóxico autónomo. O Estado non substitúe o mercado, mais establece a súa dirección e os seus límites. O plan e o mercado non son a diferenza esencial entre o

socialismo e o capitalismo; ambos son medios de control económico, afirmara Deng.

China goberna o mercado a través dun conxunto de institucións e mecanismos interconectados: desde a política industrial indicativa e a regulación flexible ata a supervisión financeira e fiscal, pasando polas políticas territoriais diferenciadas e a proliferación de zonas piloto experimentais. En conxunto, isto dá lugar a unha sinerxía entre o Estado, o mercado e a planificación.

Non se trata unicamente de desenvolver ou fortalecer o poder integral do país, sen tamén de consolidar un ecosistema que integra estabilidade e seguridade, e que, no concreto, debe traducirse na mellora efectiva das condicións de vida das persoas.

Como explico en *Marx & China. La sinización del marxismo* (Akal, 2025), o modelo chinés é xa moi maduro respecto das formulacións de hai corenta anos: optimiza as súas capacidades estratéxicas mediante un deseño de alto nivel que, a miúdo, se descoñece ou se menospreza entre nós.

Neste dualismo de planificación e mercado segue habendo ideoloxía, mais non dogmatismo. Esa flexibilidade contrasta coa incapacidade do modelo liberal para incorporar unha planificación reforzada na política económica, convertida nun tabo que mingua a súa capacidade para competir con eficacia.

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

China Marxismo

INVESTIGACIÓN

Relacións Internacionais Observatorio de la Política China

Date Created

Novembro 28, 2025

Meta Fields

Autoría : 3717